

Acto XXXIV aniversario da Constitución

- Autoridades civís, xudiciais, militares e eclesiásticas
- Señoras e señores... Amigos todos

Moi bo día a todas e a todos.

Benvidos a esta institución, que nos representa a todos, e moitas grazas por asistir a este acto de conmemoración do 34 aniversario da Constitución Española.

Non descubro nada novo se digo que formamos parte dun pobo que protagonizou xestas importantes na historia.

No Quixote, Miguel de Cervantes refírese á batalla de Lepanto como “a maior ocasión que viron os séculos”. E iso a pesares de que el saíu desa batalla mutilado e prisioneiro.

Para nós, para a cidadanía española, unha das maiores ocasións “que viron os séculos” foi a aprobación da nosa Constitución de 1978. E, se fose contemporáneo noso, Cervantes tamén estaría dacordo na trascendencia dese momento no que os españois fomos capaces de pactar con xenerosidade un marco de convivencia duradeiro para que millóns de persoas, coas nosas ideas e diferenzas, puidésemos vivir en paz e en igualdade de dereitos.

Coa aprobación da Carta Magna deuse lugar a un marco de xustiza e solidariedade, de cidadáns libres: un escenario no que ninguén tén o poder absoluto e garantiza para a sociedade un estado de dereito.

Entre outras cuestións, decidíase que nos gobernen os representantes elexidos polos propios cidadáns, e establecíase un sistema de mecanismos institucionais no que todos os poderes se equilibran, se contrapesan e se compensan uns a outros.

Foron todos acordos dirixidos a conseguir unha convivencia en paz e harmonía, moi desexada despois dunha historia de tantos desencontros.

Por todo iso, e por moito máis, hoxe 6 de decembro -en homenaxe ao día no que a Constitución foi ratificada en referendo- é un día festivo para o conxunto da cidadanía española.

Celebramos o TRIXÉSIMO CUARTO aniversario da nosa Carta Magna, un texto do que nos sentimos especialmente orgullosos. Non só porque foi o punto de partida da democracia española, senón tamén porque foi o resultado integrador dun consenso moi difícil de acadar naquel momento histórico.

A Constitución que hoxe cumpre anos é o froito dun esforzo colectivo que soubo deixar de lado as diferenzas polo ben de todos. Naquel momento conseguíuse dar resposta á vontade do pobo, que esixía ás forzas políticas entendemento para superar a intolerancia dos vellos tempos, e consolidar a paz e a democracia.

Algo moi semellante acontecera xa no momento da aprobación da súa antecesora, a Constitución de Cádiz, coñecida como “A Pepa”, á que tamén quero mencionar hoxe porque este ano celebramos o seu bicentenario (concretamente, o 19 de marzo, de aí o seu nome popular)

Nese momento o pobo apostou por ser dono do seu destino e non se rendeu ante as dificultades. Eran tempos difíciles, pero os constituíntes gaditanos souberon artellar con intelixencia e con altura de miras as fórmulas de legalidade que estimularon a soberanía nacional e recoñeceron os dereitos e liberdades individuais.

A Pepa foi un gran avance xa que introduciu os valores da democracia, a liberdade, a tolerancia e o respecto ao individuo. Mesmo serviu de exemplo inspirando as Cartas Magnas de Portugal, Sicilia, Cerdeña, Rusia ou as antigas colonias españolas en América.

Malia que oficialmente só estivo dous anos en vigor, ata a súa derogación trala volta de Fernando VII ao país, é innegable que A Pepa sentou as bases do Constitucionalismo en España, transformando a monarquía absoluta en monarquía parlamentaria e introducindo principios tales como a igualdade de todos ante a lei, a liberdade de reunión, de asociación, de prensa, de consumo e de industria.

E, como acontecera nese momento, tamén o éxito da Constitución de 1978 radica precisamente en que foi o resultado do consenso, do pacto de todos. Non foi doado e por iso gustaríame manifestar a miña admiración e recoñecemento polos sete homes- poñentes que a fixeron posible (os pais da Constitución).

Permítanme neste momento un recordo especial para dous deles, dous homes que dedicaron as súas vidas ó servizo público: Manuel Fraga e Gregorio Peces-Barba, que este ano nos deixaron. Eles, como o resto de pais da Constitución, serán lembrados sempre por facilitar a transición da dictadura á democracia no noso país.

A aprobación da Carta Magna dotou a España dun marco xurídico e democrático suficientemente plural, flexible e aberto, capaz de crear entre os españois un espazo de convivencia como non coñecera antes a nosa historia. Contribuíu de maneira impagable á normalización da vida política. Abriu o país a ámbitos supranacionais e facilitou a cohesión social.

Hoxe aquí, neste acto, queremos lembrar e reivindicar esa data e ese espírito de entendemento, que fomos quen de manter nos 34 anos de vixencia do documento.

Nunca antes tivemos un período como este; en todas as épocas anteriores, ou ben non había paz ou ben non había democracia. Convén, en grao sumo, ser consciente desta realidade, incluso nestes momentos de profunda crise económica e social nos que nos podemos sentir tentados a poñer en dúbida a eficacia e os valores das institucións democráticas.

Aproveito a ocasión para convidar e animarvos a todos a que manteñamos esa vontade de encontro, esa cultura do diálogo, que ao meu xeito de ver, foi a que nos permitiu triunfar e avanzar.

Este momento é tamén axeitado para render homenaxe ao traballo constante de varias xeracións de españois que dende todos os campos souberon ser leais á Constitución, cos seus valores e principios.

Hoxe asumimos como conciencia colectiva os valores cívicos constitucionais, porque a Constitución é de todos.

Considero ademais que é obriga xeral, pero aínda máis se cabe dos políticos de hoxe, como xa o foi dos de onte, traballar xa non só para manter ese consenso constitucional -conxugando os valores da integración e a tolerancia- senón para amplialo.

Cremos na Constitución como garantía da nosa convivencia nacional, como marco de referencia, como sólida columna vertebral de España e dos españois, e debemos defendela para seguir avanzando na senda da democracia e da convivencia.

Certo é que a democracia non significa ausencia de problemas, nin sequera de conflitos. Pero, iso sí, a democracia é un sistema para resolvelos pacíficamente e, sobre todo, de forma conxunta.

A traxectoria democrática e constitucional é o noso mellor aval para ter a convicción e confianza plena nas nosas capacidades. Na labor dos pais da Constitución, aprobada nun momento complicado, podemos atopar a referencia e a inspiración precisa para afrontar as dificultades polas que atravesamos na actualidade.

España é un gran país e temos a certeza de que, entre todos, superaremos as dificultades do presente. Pero afrontar este trance e superalo

con éxito, só é posible co esforzo e a entrega de todos e cada un de nós. Deberemos defender o interese xeral fronte a calquer interese particular.

Soamente comprendendo a gravidade da situación actual, e asumindo a necesidade de facer esforzos, poderemos salvar o Estado do benestar e o legado de quenes fixeron posible estas máis de tres décadas de democracia.

Este esforzo, que é preciso pedir a todos os cidadáns, é máis esixible aínda a quenes nos dedicamos ó servizo público. Agora toca reconstruír e construír, non buscar a confrontación nin o enfrontamento social.

Nun día coma hoxe, non podo deixar de agradecer o esforzo permanente, a vixianza continua, aínda con sacrificio e risco para as súas propias vidas, que levan a cabo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado nesta provincia, que durante este ano se distinguiron pola correcta e rápida resposta fronte ós delitos, nalgún caso sumamente grave. Onte mesmo algún deles foi condecorado nun sinxelo acto na Delegación do Goberno en Galicia.

O Goberno do Estado está tratando de facer fronte (con acertos e tamén probablemente con algún erro), ó complexo escenario que conforman os graves problemas que nos afectan a todos os cidadáns. Somos conscientes de que para isto non hai remedios máxicos e rápidos; soamente con esforzo, seriedade, responsabilidade e adoptando medidas que en moitos casos son impopulares podemos reinvertir esta situación.

E xa para rematar permítanme soamente unha reflexión: traballemos con ímpetu e con altura de miras, que este é o mandato constitucional que hoxe recordamos. En definitiva traballemos polo todo por encima das partes. Non traizoemos ese espírito xa que si o facemos estaremos equivocando o rumbo e estaremos desandando o camiño de progreso, de prosperidade e de concordia destes últimos 34 anos.

Moitas grazas e Viva a Constitución!